

CEMU Centro de Música Moderna de Ponteareas

Proba de acceso a 4º Grado de Profesional

Instrucións para o acceso ao CEMU Centro de
Música Moderna de Ponteareas

Acceso ao curso 2026/2027



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

R/ C. Gavilán, nº 2 – baixo
36860 Ponteareas (Pontevedra)
Tel.: 618 186 137
Email: cemu@cdmgalicia.com

Índice

1. Información xeral.....	2
2. Instrucións das probas 4º de profesional.....	4
2.1 Materias teórico-prácticas	4
2.1.1 Conxunto e Música de Cámara	4
2.1.2 Coro.....	4
2.1.3 Orquestra/Banda.....	4
2.1.4 Idiomas aplicados ao Canto	4
2.1.5 Linguaxe Musical, Harmonía e Novas Tecnoloxías	4
2.1.6 Piano Complementario.....	4
2.1.7 Repentización e acompañamento.....	4
2.2 Normas de actuación para as probas	5
2.2.1 Normas xerais	5
2.2.2 Criterios de avaliación dos diferentes apartados da proba.....	5
2.3 Repertorio orientativo para as especialidades Instrumentais/Canto	6
2.3.1 Piano.....	6
2.3.2 Guitarra eléctrica.....	6
2.3.3 Baixo eléctrico	7
2.3.4 Contrabaixo	7
2.3.5 Saxofón	8
2.3.6 Percusión.....	8
2.3.7 Canto	8

1. Información xeral

(Extracto do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música)

Artigo 12º.- Acceso a outros cursos

Poderase acceder a calquera outro curso das ensinanzas profesionais sen ter cursado os anteriores sempre que, a través dunha proba, a persoa aspirante demostre posuír os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá regular o procedemento de acceso a calquera outro curso, que se axustará ao disposto nos puntos seguintes.

Esta proba constará de dous exercicios:

1. Interpretación, no instrumento ou coa voz, de tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte. Polo menos unha das obras deberá ser interpretada de memoria. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, sendo necesario acadar un mínimo de 5 puntos para considerarse superado. Os/as aspirantes deberán presentar as partituras que van interpretar antes de realizar a proba, para que se poida verificar se o nivel é axeitado para o curso ao que se presentan. En función da especialidade, o tribunal poderá solicitar algún requisito adicional ou incluír elementos específicos que se consideren relevantes para a valoración.
2. Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores a que se opte. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e sendo necesaria unha puntuación mínima de cinco puntos para superalo. A puntuación definitiva da proba será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70 por cento, e o segundo nun 30 por cento. A superación da proba de acceso habilita exclusivamente para matricularse no curso académico ao que se presenta.

(Extracto da Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música)

Capítulo III. PROBAS DE ACCESO

Artigo 9º.-

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e do xustificante da matrícula, así como das partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal. No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, ben sexa pianístico ou para música de cámara, este correrá a cargo do aspirante á praza.

Os aspirantes deberán traer consigo:

- DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.
- Xustificante da matrícula na proba.
- Lapis, bolígrafo (azul ou negro) e goma de borrar.

Especialidades	Probas a realizar
Todas as especialidades	Instrumento, Linguaxe musical e Harmonía
Corda, Vento e Percusión	Orquesta/Banda, Conxunto, Coro, Piano Complementario e Novas Tecnoloxías
Piano	Coro, Conxunto, Novas Tecnoloxías e Repentización e acompañamento
Guitarra eléctrica	Coro, Conxunto, Novas Tecnoloxías e Piano Complementario
Canto	Música de Cámara, Piano Complementario e Coro

2. Instrucións das probas 4º de profesional

2.1 Materias teórico-prácticas

2.1.1 Conxunto e Música de Cámara

Para todas as especialidades agás Canto.

Lectura a primeira vista do fragmento proposto polo Tribunal e que corresponderá ao nivel inmediatamente anterior ao curso ao que se presenta o/a aspirante.

2.1.2 Coro

A proba de Coro estará integrada na proba de entoación de Linguaxe Musical.

2.1.3 Orquestra/Banda

Fragmentos de cancións ou temas musicais propostos polo Tribunal no momento da proba, que se corresponderán co nivel do repertorio traballado no curso inmediatamente anterior ao curso ao que se presenta o/a aspirante.

2.1.4 Idiomas aplicados ao Canto

Nesta proba o/a aspirante interpretará unha das obras do repertorio correspondente ao curso inmediatamente anterior, na lingua establecida para ese nivel.

2.1.5 Linguaxe Musical, Harmonía e Novas Tecnoloxías

O exercicio terá dúas partes:

- Realización dun exercicio de Harmonía, consistirá na análise dunha obra melódica e harmónica onde pode aparecer preguntas como: os modos gregos indicando tensión e Avoid notes, cuatriadas con tensións, análise dunha progresión armónica con dominantes secundarios e substitutos tritonais. Duración: 60 minutos.
- Unha pregunta sobre edición de audio e produción musical. Duración 30 minutos.

2.1.6 Piano Complementario

Esta proba consiste na lectura de acordes e melodía dunha pequena obra proporcionada polo tribunal.

2.1.7 Repentización e acompañamento

A proba consistirá nun exercicio baseado no cuarto libro *Improve Your Sight-Reading!* de Paul Harris.

2.2 Normas de actuación para as probas

2.2.1 Normas xerais

1. As probas escritas serán realizadas conxuntamente por todo o alumnado aspirante das diferentes especialidades instrumentais.
2. Os alumnos que se atopen na muda da voz poderán recorrer ao cambio de oitava ou de tonalidade se é preciso
3. Non se poderá acceder á aula de estudo con nada máis que o reloxo.

2.2.2 Criterios de avaliación dos diferentes apartados da proba

Harmonía

O alumnado debe demostrar o coñecemento de aspectos relacionados co análise e os contidos teóricos propios do terceiro curso do grao profesional, aspectos que deberán analizar e buscar nunha partitura sinxela que se lles facilitará.

Novas Tecnoloxías

O alumnado debe demostrar o coñecemento de desenvolverse con programas informáticos atendendo a cuestións propiamente musicais.

Idiomas aplicados ao canto

Claridade e precisión na pronunciación dos sons consonánticos e vocálicos propios do idioma. Correcta execución dos fonemas para evitar erros que dificulten a comprensión.

Coro

Capacidade para cantar as notas correctas no tempo adecuado.

Repentización e acompañamento

Capacidade para interpretar acordes sen preparación previa, correcta realización dos acompañamentos seguindo estilo e estrutura, mantemento do ritmo.

Piano Complementario

Correcta interpretación rítmica e harmónica, precisión na lectura.

Conxunto, Orquestra/Banda e Música de Cámara

Mantemento do pulso e do tempo establecido, sen atrasos nin adiantos significativos. Entrada puntual e coordinada coa dinámica do grupo.

2.3 Repertorio orientativo para as especialidades Instrumentais/Canto

2.3.1 Piano

Obras:

Africa – Toto

Cantaloupe Island – Herbie Hancock

Defying Gravity – de *Wicked*

He's a Pirate – de *Piratas del Caribe*

In the End – Linkin Park

The Way It Is – Bruce Hornsby

Técnica:

Interpretación do exercicio nº 1 de *The Virtuoso Pianist I*, cunha velocidade progresiva comprendida entre 50 e 100 bpm.

2.3.2 Guitarra eléctrica

Obras:

Crossroads - Cream

Fell On Black days - Sondagden

I Wanna Be Your Lover - Prince

Blue Espresso - Deirdre Kartwright

Cranial Contraption - Charlie Griffiths

Cramp Your Style – Breakestra

Técnica:

- Exercicios escalísticos sobre os centros tonais (Xónico, Maior Harmónico, Menor Melódico e Menor Harmónico) adaptados ao nivel cunha velocidade progresiva entre 70 e 120 Bpm.
- Exercicios adaptados ao nivel sobre o Groove dos diferentes estilos: Jazz, Bossa Nova, Funk, Reggae, Rythm & Blues, Rock ...

2.3.3 Baixo eléctrico

Obras:

What's Going On - Marvin Gaye

Only so much oil in the ground - Tower of Power

Hit me with your rhythm Stick - Ian Dury and the Blockheads

Spanish Joint - D'Angelo

You oughta know - Alanis Morissette

Lingus - Snarky Puppy

Técnica:

- Escalas maiores, menores, pentatónicas maiores e menores, escalas de blues.
- Arpexos maiores, menores, dominantes, semidisminuídos e diminuídos.
- Modos con dixitacións regulares e alternativas. Escala maior a 2 octavas.
- Arpexos con tensións e acordes.

2.3.4 Contrabaixo

Obras:

Evidence - T. Monk

My Ideal - Richard Whiting

Body and Soul - Johnny Green

But Beautiful - Jimmy Van-Heusen

Técnica:

Franz Simandl: New Méthod for Double Bass II.

G. Bottesini: Method for double bass

C. Fischer: Scale System

F. Petracci: Simplified higher technique

2.3.5 Saxofón

Obras:

Take the “A” train - Duke Ellington

What’s going on - Marvin Gaye

Only so much oil in the ground - Tower of Power

Midnight train to Georgia - Gladys Knight & the Pips

Something’s Got a Hold on Me - Etta James

Winelight - Grover Washinton Jr.

Técnica:

Tocar as escalas maiores en todo os tons e en todo o rexistro do instrumento a unha velocidade de 85 a negra. Tocar as escalas pentatónicas e de blues en todos os tons. Tocar os arpejos con sétima da progresión II V I en todas as tonalidades.

2.3.6 Percusión

Obras:

Superition - Stevie Wonder

Chameleon - Herbie Hancock

Pop It in the Top – Luke Aldridge

Favela – Noam Lederman

Tema de libre elección do nivel correspondente.

Técnica:

Libro *Rockschool* grado 6 publicación 2012/2018, grupo A, B, C e E.

2.3.7 Canto

Obra obligada:

Cabaret – John Kander & Fredd Ebb

Obras orientativas:

St louis blues - W.c. Handy

I cant give you anything but love - Jimmy McHugh & Dorothy Fields

Manhã de carnaval - Antônio Maria & Luiz Bonfá

Hey Jude - Beatles

You are the sunshine of my life - Stevie Wonder

Hasta la raíz - Natalia Lafourcade

Técnica:

- Vocalización dentro da escala maior e menor, ascendendo por semitonos, con vogais e sílabas diversas.
- Arpexos de tríadas maiores e menores, incluíndo as súas inversións.
- Cantar de memoria as escalas maior, menor, pentatónicas e a escala cromática.
- Letura a primeira vista de 8 compases en tonalidad maior ou menor, con algunha alteración e improvisar sobre esa secuencia harmónica.